



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A SUSCRIPCIÓN DUNHA ADDENDA PARA A PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DO URUGUAI (AEGU) PARA O FOMENTO DA COOPERACION ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGA DE URUGUAI E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

Primeiro.- Antecedentes

O 1 de agosto de 2025 o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) e a Asociación de Empresarios Galegos do Uruguai (AEGU) subscribiron un convenio de colaboración co obxecto de fomentar a cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios de orixe galega residentes no Uruguai, impulsando relacións económicas, empresariais e institucionais que contribúan ao desenvolvemento de novos proxectos e á consolidación da presenza galega no exterior.

Este convenio establecía unha vixencia ata o 30 de decembro de 2025, prevendo expresamente na súa cláusula sétima a posibilidade dunha prórroga dun ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, sempre que existise acordo entre as partes.

No marco deste convenio, AEGU vén desenvolvendo diversas actuacións de carácter económico, profesional e relacional, dirixidas ao fortalecemento da comunidade empresarial galega no Uruguai e ao establecemento de pontes de cooperación coa realidade económica galega. Estas accións teñen contribuído á proxección exterior de Galicia, ao achegamento do ecosistema económico galego ao tecido empresarial uruguai e ao fomento do interese mutuo en oportunidades de investimento, innovación e intercambio comercial.

Con data 14 de novembro de 2025, tivo entrada no Igapé a solicitude formal de AEGU para a prórroga do convenio, ao abeiro do previsto na cláusula sétima.

Á vista desta solicitude e da proposta de actuacións formulada pola entidade para 2026, o Igapé considera oportuno dar continuidade á colaboración iniciada en 2025 mediante a sinatura dunha addenda de prórroga.

Segundo.- Necesidade e oportunidade da prórroga do convenio

A prórroga resulta necesaria para asegurar a continuidade das actuacións iniciadas en 2025, as cales teñen carácter anual, acumulativo e progresivo, polo que non poden realizarse nin consolidarse nun único exercicio.

Entre as razóns de necesidade destacan:

1. Natureza plurianual das actuacións previstas

Especialmente a organización de GALTECH 2026, evento empresarial e tecnolóxico que require planificación anticipada e continuidade institucional para garantir a participación de empresas galegas e axentes económicos do Uruguai.



2. Necesidade de manter a interlocución coa diáspora empresarial galega en Uruguai
AEGU é a única entidade representativa do empresariado galego no país, con acceso directo a empresas, profesionais e redes institucionais locais. A ruptura da continuidade provocaría unha perda de capital relacional que non pode ser recuperado mediante outros instrumentos administrativos.

3. Consolidación de procesos iniciados en 2025

Moitas das accións previstas (contactos comerciais, prospección de investimentos, captación de talento e oportunidades tecnolóxicas) esténdense no tempo e non poden ser interrompidas sen que se vexa afectada a eficacia do conxunto.

4. Necesidade administrativa de garantir un marco habilitante

Sen a prórroga, as accións de AEGU durante 2026 carecerían de amparo legal, o que impediría tanto a súa execución como a viabilidade da colaboración institucional.

A prórroga do convenio entre o Igape e AEGU resulta especialmente oportuna, pois permite consolidar unha colaboración que xa demostrou a súa utilidade na creación de contactos empresariais, na proxección das capacidades tecnolóxicas e produtivas galegas e no fortalecemento da diáspora empresarial no Uruguai. Trátase dun mercado estable e con oportunidades crecentes en sectores nos que Galicia posúe vantaxes competitivas, polo que manter unha presenza institucional activa é estratéxico. AEGU, como entidade que agrupa o empresariado galego no país, constitúe o interlocutor natural para canalizar esta relación, ao contar cunha implantación e coñecemento local que non pode ser substituído por outros mecanismos.

A prórroga é igualmente oportuna porque as accións iniciadas en 2025 requiren continuidade e estabilidade para acadar resultados, destacando a organización de GALTECH 2026, un evento tractor que demanda planificación anticipada e coordinación institucional. A interrupción do convenio suporía a perda de avances, contactos e esforzos xa realizados, ademais de xerar un baleiro temporal que afectaría negativamente á presenza institucional galega e á consolidación das relacións empresariais.

En conxunto, a prórroga permite aproveitar a traxectoria positiva xa iniciada, reforza o posicionamento de Galicia no ámbito económico e tecnolóxico do Cono Sur e garante a continuidade dun instrumento esencial para a proxección exterior das empresas galegas e para o fortalecemento da diáspora empresarial en Uruguai. Constitúe, por tanto, o mecanismo máis adecuado para asegurar a consolidación dos resultados previstos no ano 2026.



Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio

A utilización da figura do convenio resulta plenamente xustificada pola natureza institucional, colaborativa e non contractual da relación entre o Igape e AEGU.

Non se trata dun encargo de actividades tipificado na Lei 9/2017, de contratos do sector público, senón dunha relación bilateral de cooperación orientada ao interese xeral, consonte ao artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O obxecto do convenio non é obter unha prestación comercial nin actividade contractual, senón a suma de capacidades, redes, coñecementos e recursos por parte de ambas institucións, co fin de facilitar a cooperación empresarial e institucional entre Galicia e Uruguai.

AEGU achega a súa estrutura organizativa, implantación territorial e capacidade de convocatoria no ecosistema empresarial galego en Uruguai, así como o seu coñecemento do contexto económico local. Pola súa parte, o Igape contribúe parcialmente ao financiamento de determinadas actuacións para garantir a súa viabilidade e fomentar a participación empresarial galega nos eventos e actividades programadas.

A natureza das actuacións previstas –xuntanzas empresariais, organización de eventos, promoción institucional, actividades de networking e iniciativas de innovación– non implica unha obriga de resultado nin unha prestación sinalagmática. O que se establece é un marco de cooperación institucional que non pode ser articulado a través dun contrato administrativo.

Por todo o anterior, o convenio constitúe o instrumento adecuado para articular a colaboración entre as partes.

Cuarto.- Obxecto e contido

O obxecto da presente addenda é prorrogar por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, a vixencia do convenio suscrito o 1 de agosto de 2025 entre o Igape e AEGU.

A addenda modifica exclusivamente:

- a cláusula relativa á vixencia,
- o prazo de xustificación (ata o 15 de decembro de 2026),
- e o anexo I do convenio, no que se recollen as actuacións previstas para 2026.

O resto do clausulado mantense inalterado.



As actuacións planificadas por AEGU para o ano 2026 inclúen:

- **Organización de GALTECH 2026:** evento empresarial e tecnolóxico centrado na innovación, dixitalización, emprendemento e comercio bilateral Galicia-Uruguai, con participación de empresas, startups, profesionais e entidades institucionais, tanto galegas como do Uruguai. O evento incluírá conferencias, paneis temáticos, reunións de networking, espazos expositivos e actividades de proxección tecnolóxica.
- **Gastos de persoal asociados á execución das accións:** estas actuacións configuran o contido material da colaboración e manteñen a coherencia co obxecto do convenio orixinal.

Quinto.- Financiamento

O orzamento total estimado para a anualidade 2026 será de trinta e tres mil euros (33.000,00 €) IVE non engadido.

O Igape financiará a contía de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.

AEGU achegará tres mil euros (3.000,00 €) cos que cofinanciará as actividades recollidas no anexo I.

A addenda respectará o disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso, a disposición ou compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.

A subdirectora de Internacionalización

Laura González-Dopeso Portela